

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO/NIVEL/CICLO:

DEP. GEOGRAFÍA e HISTORIA

MATERIA: ECONOMÍA

CURSO: 4ºESO

CURSO 2022-23

CONCRECIÓN DE OBJETIVOS POR CURSO

4ºESO

- 1-** Coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.
- 2-** Axudar a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas.
- 3-** Facilitar a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial,
- 4-** Potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación.
- 5-** Proporcionar ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade.
- 6-** Contribuír a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc.
- 7-** Proporcionar importantes coñecementos matemáticos e estatísticos
- 8-** Favorecer as habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas.
- 9-** Desenvolver o sentido da ética e o respecto polo ser humano.
- 10-** Potenciar unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.
- 11-** Contribuír ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social.
- 12-** Axudar a ter unha cidadanía formada e interesada pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS esixibles	COMP. CLAVE	TEMP		
				T1	T2	T3
	Bloque 1. Ideas económicas básicas					
<p>Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</p> <p>Principios na toma de decisións económicas.</p> <p>Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.</p>	<p>Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSC 	X		
<p>O método na economía: modelos económicos.</p> <p>Fronteira de posibilidades de produción.</p>	<p>Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía</p> <p>.Diferencia entre economía positiva e economía normativa. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.</p>	<p>O método na economía: modelos económicos.</p> <p>Fronteira de posibilidades de produción.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSC ■ CD ■ CMCC T 	X		
<p>As relacións económicas básicas e a súa representación.</p>	<p>Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.</p> <p>Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.</p>	<p>As relacións económicas básicas e a súa representación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCC T ■ CSC 	X		

	Bloque 2. Economía e empresa					
<p>A empresa e o/a empresario/a. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. Clases de empresas. Formas xurídicas da empresa.</p>	<p>Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.</p> <p>Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</p> <p>Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.</p>	<p>A empresa e o/a empresario/a. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. Clases de empresas. Formas xurídicas da empresa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCC T ■ CSIEE CAA ■ CDCSIEE ■ CSC 	X		
<p>Proceso produtivo e factores produtivos. Sectoros da actividade económica.</p>	<p>Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.</p> <p>Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.</p>	<p>Proceso produtivo e factores produtivos. Sectoros da actividade económica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCC T ■ CSC ■ CD ■ CSC 	X		
<p>Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.</p>	<p>Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as</p>	<p>Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CD ■ CMCC T 	X		

	implicacións na marcha da empresa.					
Ingresos e custos da empresa: clasificación. Resultados da empresa.	Distingue os ingresos e os custos da empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.		<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCC T 	X		
Obrigas fiscais das empresas.	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	Obrigas fiscais das empresas.	CD CMCC T CSC	X		
	Bloque 3. Economía persoal					
Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.		<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CD ■ CMCC T 		X	
Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSIEE 		X	
Aforro e endebedamento. Os plans	Recoñece e explica a relevancia do	Aforro e	<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA 		X	

de pensións.	aforro e do control do gasto.	endebedamento. Os plans de pensións.				
Risco e diversificación.	Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.		<ul style="list-style-type: none"> ■ CAA ■ CSC 		X	
<p>■O diñeiro.</p> <p>Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</p> <p>Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	<p>Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria</p> <p>.Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <p>Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.</p> <p>Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.</p>	<p>■O diñeiro.</p> <p>Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</p> <p>Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCC T ■ CCL ■ CAA ■ CD ■ CAA ■ CD ■ CCL ■ CD ■ CMCC T 		X	
O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	■Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas		<ul style="list-style-type: none"> ■CAA ■CCL ■CMCC 		X	

	da vida.		T			
	Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado					
Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	<p>Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.</p> <p>Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.</p>		<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCC T ■ CSCC MCCT ■ CSC 		X	
A débeda pública e o déficit público.	Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	A débeda pública e o déficit público.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCC T 		X	
Desigualdades económicas e distribución da renda.	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.		<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CMCC T ■ CSC 		X	
	Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego					
Tipos de xuro. Inflación. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais ■.Explica o funcionamento dos tipos 	Tipos de xuro. Inflación. Consecuencias dos cambios nos tipos de	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL ■ CSCC CL ■ CMCC 			X

Desemprego: clasificación e consecuencias.	de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	xuro e inflación. Desemprego: clasificación e consecuencias.	T ■ CSC			
■ Causas do desemprego políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. Perspectivas da ocupación.	. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais .Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.		■ CCL ■ CMCC T ■ CSCC D ■ CSC			X
	Bloque 6. Economía internacional					
■ Globalización económica. ■ Comercio internacional. Economía e ambiente: sustentabilida	Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	■ Globalización económica. ■ Comercio internacional. Economía e ambiente: sustentabilida	■ CAA ■ CSC ■ CCL			X
Integración económica e monetaria europea.	Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	Integración económica e monetaria europea.	■ CCL ■ CD ■ CSC			X
Economía e ambiente: sustentabilida	Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	Economía e ambiente: sustentabilidade	■ CAA ■ CSC			X

--	--	--	--	--	--	--

Metodoloxía:

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:

A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo da empresa e da Economía na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso, necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Para isto elaborarán traballos por grupos dos temas de interese.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Economía é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A Metodoloxía das clases será activa: de exposición explicativa e aclarativa por parte do profesorado e activa con importacións diarias e reflexións acerca das noticias económicas aparecidas nos medios de comunicación por parte do alumnado. Trátase de conquistar aprendizaxes significativas. Os traballos poderán ser individuais e/ou grupais.

O alumnado presentará para a súa valoración:

- Comentarios de texto, reflexións escritas e análises varios en relación a documentos escritos ou o visionado de audiovisuais, que nos sirvan como recurso educativo para a exposición de ideas ou contidos propios da materia.
- Distintas tarefas de investigación sobre o mundo económico no que nos desenvolvemos, que sirvan para ampliar ou madurar os conceptos adquiridos, axuden ó fornecemento da análise crítica e amosen a relación entre a teoría vista na aula e a realidade práctica do noso mundo e sociedade. Dende esta premisa realizaremos distintas tarefas de indagación sen descoidar ningún eixo da economía: a economía empresarial, a financeira, a doméstica, do Estado, ou a economía internacional.
- Realizarán ademais dúas probas escritas por avaliación para avaliar o de coñecemento teóricos .

RECURSOS E MATERIAIS.

Libro de texto do alumno: Editorial Santillana (Saber Hacer)

Ordenador con conexión Internet.

AVALIACIÓN

DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

Cuestionarios acerca de intereses e de coñecementos previos relacionados co mundo da economía(doméstica, autonómica e estatal) antes de comenzar cada unidade didáctica.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

Probas de nivel de Contidos (2 por trimestre), Tarefas que amosen a capacidade de reflexión, análise e maduración dos coñecementos adquiridos; distinguindo a esixencia dos traballos de investigación temática ou elaboración de proxectos complexos, daquelas que mediante pequenas actividades consten

en reforzar o visto ou tratado durante a sesión de aula.

INSTRUMENTOS AVALIACIÓN

Probas de nivel, entregas de actividades encomendadas (proxectos e traballos de investigación, resumos ,sobre noticias económicas, exercicios de contido teórico.....), caderno da profesora.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

- **Probas de nivel de Contidos (2 por trimestre):** 7 puntos sobre a nota final

- **Tarefas de investigación en materia económica (mínimo 2 por trimestre):** 2 puntos

- **Traballo continuado** (correcto comportamento na aula: seguimento das exposicións e contidos, elaboración de actividades pautadas para reforzo das exposicións, participación de coloquios e reflexións conxuntas, entrega de resumos, análises ou comentarios sobre distintos temas tratados. NOTA: para avaliación destas actividades empregaremos as anotacións do "caderno da profesora"): 1 punto sobre a nota final

De non acadar o suficiente, haberá **Recuperacións** despois da entrega de notas por avaliación. A recuperación consistirá nun exame sobre os contidos que poderá acadar ata os 7 puntos correspondentes a ponderación habitual da proba escrita.

*Sobre a recuperación final do curso ver "addenda"

CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO:

PROXECTO LECTOR

De xeito habitual traballárase coa lectura de artigos da actualidade publicados en prensa e revistas, e que teñan que ver co tema que se está a impartir. Na prensa diaria aparecen cantidade de artigos de economía nacional e internacional.

Asemade propónse a lectura da " A volta ao mundo dun forro polar vermello. Pequena gran historia da gran globalización" de Wolfgang Korn. A lectura desta curiosa obra destinada ao público xuvenil, situada entre o ensaio e a ficción,

permitirá afondar en distintos temas en cada capítulo; podendo contemplar a lectura conxunta dependendo dos ritmos do curso, e a petición dun traballo individual que lles permita afondar en temáticas propias da economía internacional, como as vías comerciais, a enerxía, a desigualdade entre países ou o fenómeno da globalización.

PLAN TICS

Destácanse neste apartado as actividades baseadas nas procuras en internet para a afondar nos distintos temas da materia, a redacción de textos empregando procesadores de texto e exercicios con folla de cálculo. Ao tempo a materia servírase da aula virtual para manter relación co alumnado, así como distintas ferramentas dixitais para o desenvolvemento das aulas.

PLAN CONVIVENCIA

O grupo de alumnos de Economía resulta un grupo integrado e respectuoso xa que trátase dunha materia de cuarto curso e o alumnado xa ten traballado nos cursos anteriores diversos temas de educación emocional, valores para a convivencia e respecto e tolerancia, nas distintas materias da ESO. De tódolos xeitos, de haber algún problema, trataríase de resolvelo na propia aula mediante argumentacións e reflexións sobre o acontecido..-

PROXECTO LINGÜÍSTICO

A materia de economía ten un vocabulario moi específico polo cal as prioridades son:

- Adquirir e manexar correctamente conceptos propios da Ciencia económica.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais nas diferentes linguas (galego, castelán, inglés)
- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

Addenda

Á Programación Didáctica na materia de Economía, atendendo ao disposto no DOG nº4, do xoves 5 de xaneiro de 2023 (Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia)

Segundo o artigo único desta disposición, e atendendo ao respectivo na Educación Secundaria Obrigatoria; A sesión da terceira avaliación parcial deberá coincidir coa sesión de avaliación final. Na práctica isto modificará a axenda de impartición de contidos e a elaboración de probas.

- O conxunto do alumnado terá dereito e obriga de continuar a aprendizaxe de contidos relacionados coa materia ata o 21 de xuño. O tipo de contido, material ou recurso dependerá do nivel acadado polo alumnado e de acordo á valoración subxectiva da profesora en relación a materia que convén ampliar ou reforzar.
- O conxunto do alumnado realizará a segunda proba parcial entre a segunda e terceira semana de xuño, deixando un marxe necesario posterior para correccións e reclamacións á nota desta proba. Polo mesmo non se recollerán exercicios nin traballos superada a data do derradeiro parcial.
- O alumnado que non consiga a media necesaria entre as tres avaliacións para superar o curso deberá examinarse dos contidos pendentes relativos á avaliación non superada, entre a terceira e a cuarta semana. Coidando sempre un marxe necesario para comunicacións ao alumnado, aclaracións e reclamacións á nota final.